

A Alcaldía-Presidencia queda facultada para ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a axeitada interpretación e aplicación desta Ordenanza

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZA
DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.**

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e 106 de 1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 do RDL 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRHL), este Concello establece a modificación da Taxa por Prestación do Servizo de concesión de Licenzas de Apertura de Establecementos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

1.—Constitúe o feito imponible a prestación de servizos ou a realización das actividades propias da competencia municipal, tanto na súa vertente técnica como na administrativa, tendente a verificar ou comprobar se os establecementos industriais, comerciais e mercantís, e demais establecementos, reúnen as debidas condicións de tranquilidade, sanidade, seguridade e salubridade, así como calquera outras esixidas polas correspondentes Leis, Ordenanzas e Regulamentos municipais ou doutros Entes públicos que sexan de aplicación para o seu normal funcionamento, como presuposto previo e necesario para o outorgamento da licenza de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1.955, e demais lexislación de desenvolvemento.

2.—Tamén constituirá feito imponible, a prestación de servizos ou realización de actividades propias da competencia municipal tendentes á autorización de calquera modificación no suxeito, obxecto ou contido das licenzas de apertura de establecementos xa existentes.

3.—Para tal efecto, terá a consideración de apertura:

A instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo ás súas actividades.

A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número un deste artigo, esixindo nova verificación destas.

A variación de titular do establecemento aínda que non varíe o tipo de actividade e as condicións nas que se desenvolve.

4.—Entenderase por establecemento industrial, comercial, mercantil e de servizos toda edificación utilizable, estea ou non aberta ao público que non se destine exclusivamente a vivenda e que, ademais reúna algún dos seguintes requisitos.

Que se dedique ao exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesanal, da construción, comercial e de servizos.

Que aínda sen desenvolverse aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para estas, ou teñan relación con elas de forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento considerándose como tales a título enunciativo: sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de actividades xurídicas, escritorios, oficinas, estudos e outros análogos.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades fixadas polo artigo 35.4 da LGT que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado

susceptible de imposición, que sexan titulares da actividade que pretendan levar a cabo ou que de feito desenvolvan, en calquera local ou establecemento.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—DEVENGO.

1.—Devengarase a Taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2.—Cando a apertura teña lugar sen obter a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu peche, se non fose autorizable a devandita apertura.

3.—A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, en modo ningún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

4.—Xunto coa solicitude da licenza deberá ingresarse, co carácter de depósito previo, o importe da Taxa baseándose nos datos que achegue o solicitante e o establecido nesta Ordenanza, sen prexuízo da liquidación que corresponda e que se practique no momento de adoptarse a resolución administrativa referente á solicitude da licenza.

En caso de desestimento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza, as cotas a liquidar serán a 50 por cento das sinaladas no número anterior, sempre que a actividade municipal non se iniciase efectivamente.

ARTIGO 6º.—COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria esixirase por unidade de local conforme á seguinte tarifa:

1.—Tarifa

<i>A C T I V I D A D E</i>	<i>T A R I F A</i>
LICENZAS DE APERTURA DE HOTEIS	601,01 €
LICENZAS DE APERTURA DE CASAS RURAIS	450,76 €
LICENZAS DE APERTURA DE RESTAURANTES.....	300,51 €
LICENZAS DE APERTURA DE OFICINAS BANCARIAS	601,01 €
LICENZAS DE APERTURA DE CAFETERIAS E BARES.....	180,30 €
LICENZAS DE APERTURA DE INDUSTRIAS (FABRICAS, TALLERES, ETC).....	330,51 €
LICENZAS DE APERTURA DE COMERCIOS (ALIMENTACION, ARTESANIA, REGALOS, CONFECCIÓN, ETC).....	150, 25 €
OUTRAS LICENZAS DE APERTURA NON RECOLLIDAS	150, 25 €

2.—Transmisión de licenza.

A cota vén determinada polo resultado de aplicar o 50 por 100 á taxa que lle correspondería por nova apertura.

3.—Actividades de réxime xeral.

Espectáculos circunstanciais e temporais calquera que sexan as actuacións que realicen, instalados en terreos de propiedade particular. Asígnaselle unha cota de 80 euros.

ARTIGO 7º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Estarán exentos do pagamento da taxa, pero non da obriga de proverse da correspondente licenza, o Estado e demais Entes Públicos Territoriais e Institucionais ou como consecuencia do establecido nos Tratados e Acordos Internacionais.

ARTIGO 8º.—DECLARACIÓN.

1. As solicitudes de licenza de apertura e de transmisión de licenza presentaranse no Rexistro Xeral acompañadas da seguinte documentación:

a) Licenzas de apertura:

Actividades inocuas: Plano de situación e de planta, con memoria de protección contra incendios.

Actividades cualificadas: Proxectos técnicos redactados segundo normativa específica.

b) Transmisión de licenza:

Documento de transmisión de licenza, suscrito polo antigo e novo titular.

En todas elas: Folla de liquidación con xustificante do pagamento da taxa, que haberá de efectuarse na tesouraría do Concello.

Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións haberán de poñerse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

As licenzas consideraranse caducadas nos seguintes supostos:

Que transcorran seis meses dende a data de notificación da súa concesión, sen realizarse a apertura do establecemento.

Que unha vez realizada a apertura, se cese na actividade por un período de seis meses.

Poderá concederse prórroga na apertura por un prazo de seis meses, sempre que se xustifiquen as razóns que impiden a mesma, e que a solicitude se realice dentro do prazo de vixencia da concesión da licenza.

ARTIGO 9º.—LIQUIDACIÓN E INGRESOS.

Unha vez ditada a resolución municipal que proceda sobre a licenza de apertura, practicarase no seu caso a liquidación definitiva da taxa que será notificada ao suxeito pasivo, que deberá aboarse nos prazos que así se establezan.

ARTIGO 10º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan, en cada caso, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, que consta de dez artigos, a redacción dos cales foi aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2011, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

A Alcaldía-Presidencia queda facultada para ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a axeitada interpretación e aplicación desta Ordenanza

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS.

ARTIGO 1 - FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), este Concello establece a modificación da “Taxa por licencias urbanísticas”, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, onde as citadas normas atenden ao disposto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

ARTIGO 2—FEITO IMPOÑIBLE.

1.—Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 178 da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, Texto Refundido aprobado por Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril, e que se realicen no termo Municipal, axústanse as normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na citada Lei do Solo e na normativa municipal, e que son en concreto: demolicións de construcións, movementos de terras, tala de árbores, parcelacións e segregacións, obras de construción, rehabilitación, ampliación, modificación ou reforma de edificios, vivendas e instalacións cualificadas de obra maior ou menor.

ARTIGO 3—SUXEITO PASIVO.

1.—Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou posuidores, ou no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións, ou execútense as obras.

2.—En calquera caso, terán a condición de substitutos do contribuínte, os construtores e contratistas das obras, por imperativo expreso do artigo 23.2 b) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), que virán obrigados ao pagamento da Taxa e con eles entenderanse as actuacións municipais relativas á xestión e cobro do tributo.

ARTIGO 4—RESPONSABLES.

1.—Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas as que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5—BASE IMPOÑIBLE.

Constitúe a base imponible da Taxa, a superficie total construída, ampliada, rehabilitada, acondicionada ou reformada, no caso de obras maiores consistentes en obra nova de construción, ampliación, rehabilitación, acondicionamento ou reforma de edificacións unifamiliares, plurifamiliares, naves, instalacións industriais e comerciais, etc., así como no caso das licencias de primeira ocupación de edificacións (unifamiliares, plurifamiliares, naves e instalacións comerciais e industriais).

ARTIGO 6—COTA TRIBUTARIA.

1.—De conformidade coas limitacións sinaladas polo artigo 24 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (RD lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), establécense as tarifas da taxa seguintes: